

5º Educación Infantil

Día das letras galegas 2026

BEGOÑA CAAMAÑO

BEGOÑA CAAMAÑO RASCADO NACEU O 14 DE OUTUBRO DE 1964, NO BARRIO DO CALVARIO, EN VIGO.

ERA A SEGUNDA DE CATRO IRMÁNS. OS SEUS PRIMEIROS ESTUDOS FORON NUN ESCOLA PRÓXIMA Á SÚA CASA E DESPOIS PASOU POLO COLEXIO AMOR DE DIOS, FACENDO O BACHARELATO NO INSTITUTO VIGUÉS ALEXANDRE BÓVEDA.

INGRESOU NA ESCOLA UNIVERSITARIA, CEU, DE MAXISTERIO, ADSCRITA Á UNIVERSIDADE DE VIGO, NA QUE REMATARÍA A CARREIRA.

DEDICOUSE AO XORNALISMO E TRABALLOU NA RADIO POPULAR DE VIGO, EN RADIO NOROESTE E NA RADIO GALEGA, NO PROGRAMA *TRÉCOLAS*.

TAMÉN FOI COLABORADORA DOS XORNAIS *A NOSA TERRA*, *TEMPOS* E *NOVAS DA GALIZA*.

É AUTORA DE DOUS LIBROS, *CIRCE, OU O PRACER DO AZUL* E *MORGANA EN ESMELLE*, PUBLICADOS POLA EDITORIAL GALAXIA.

POLO SEU LABOR E COMPROMISO A FAVOR DA NOSA LINGUA A REAL ACADEMIA GALEGA DEDICALLE O DÍA DAS LETRAS 2026.



Begoña, nunha foto escolar.
Arquivo familiar

1. DESCRUBRE QUEN É ESTE ANO A HOMENAXEADA NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.



★	✌	✈	♣	☎	🌸

☂	🌸	🌸	✖	🌸	☎	♣


🌸	A
✌	E
♣	O
☂	C
★	B
✖	M
☎	Ñ
✈	G

2. BEGOÑA NACEU EN VIGO. UNHA CIDADE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.
DURANTE O NADAL VIGO ÉNCHESE DE LUZ E MAXIA, POR ISO SE COÑECE COMO A
CIDADE DAS LUCES!


OBSERVA A GRILANDA E COMPLETA COS NÚMEROS QUE FALTAN.



3. BEGOÑA FOI XORNALISTA E ESCRITORA. PERDEU O SEU LAPIS MÁXICO. QUÉRELA AXUDAR A ATOPALO?




4. PINTA OS OLLOS E A BOCA DE BEGOÑA.



MORGANA EN ESMELLE

Viviana pronto descubriu a miña habilidade como fabulador e contador de historias. Cada serán procurábame para escoitar novas lendas e eu inventaba para ela contos que lle narraba mentres paseabamos pola fraga, cando o tempo así o permitía, ou sentados ao carón dalgún lume cando chovía ou arrefriaba. Por veces outras crianzas da illa, entre as que se encontraban tamén as irmás de Viviana, achegábanse a nós para escoitar as fábulas; entón, ela subía ao meu colo e apoiaba a súa cabeciña no meu peito mentres escoitaba a historia, cunha actitude tranquila e inocente mais que, no entanto, pretendía demostrar ao resto dos pícaros que aínda que se podían deleitar cos meus contos, non gozaban, nin por casualidade, do noso grao de amizade.




1. ESCOITA ESTE TEXTO DE BEGOÑA CAAMAÑO E COLOREA.

VIVIANA PRONTO DESCUBRIU A MIÑA HABILIDADE COMO FABULADOR E CONTADOR DE HISTORIAS. CADA SERÁN PROCURÁBAME PARA ESCOITAR NOVAS LENDAS E EU INVENTABA PARA ELA CONTOS QUE LLE NARRABA MENTRES PASEABAMOS POLA FRAGA.




2. RELACIONA AS SILUETAS DE DIFERENTES ELEMENTOS DO CLIMA.




3. COÑECES TODAS AS PARTES DO CORPO HUMANO? COMPLETA OS NOMES COAS VOGAIS QUE FALTAN.


OLLO BOCA PESCOZO PERNAS XEONLLOS




4. DESCUBRE O CÓDIGO SECRETO PARA IDENTIFICAR OS SEGUINTES CONXUNTOS DE ÁRBORES.




CONXUNTO DE CASTIÑEIROS



CONXUNTO DE CARBALLOS



5. AXUDAMOS A VIVIANA A CHEGAR Á FRAGA?




6. SERÁS QUEN DE BUSCAR NA SEGUINTE SOPA DE LETRA AS CATRO PALABRAS RELACIONADAS COA CHOIVA QUE APARECEN ABAIXO?

ORBALLO CHOIVA TREBÓN POALLA

O	R	B	A	L	L	O
R	P	O	A	L	L	A
T	R	L	F	Z	U	H
T	R	E	B	Ó	N	I
P	N	G	B	R	V	T
Z	U	D	L	F	X	H
T	S	R	G	P	L	U
P	C	H	O	I	V	A




7. PIDE AXUDA Á TÚA FAMILIA PARA RECUPERAR DIFERENTES CONTOS, LENDAS, CANCIÓNS DE BERCE... DESPOIS, RECOMPILA TODA A INFORMACIÓN E TRÁEA A ESCOLA E ASÍ PODEREDES CREAR A VOSA PROPIA COLECCIÓN DE LENDAS E CONTOS.



8. IMOS INTENTAR CREAR O NOSO PROPIO CORO DE CHOIVA. MIRA A SEGUINTE LI-GAZÓN E INTENTA FACELO TI MESMO.

<https://www.youtube.com/watch?v=O6VwXI8IHHU&t=3s>



9. MANS Á OBRA! CREA O TEU PAU DE CHOIVA. AQUÍ TES UN EXEMPLO DE COMO O PODES FACER.

<https://www.youtube.com/watch?v=xglz0LCsQu4>



Estes recursos didácticos, elaborados polos Grupos de Traballo integrantes do Seminario Galán, sobre a figura da xornalista e escritora Begoña Caamaño, homenaxeada no Día das Letras Galegas 2026, están dirixidos ao alumnado de educación infantil e primaria, e son presentados nun formato compatible cos medios habituais de impresión presentes nos centros de ensino.

www.seminariogalan.org

*Seminario Galán*

